



Bases V Certame de Poesía e Microrrelato do Concello de Cabanas

UN

A área de Cultura do Concello de Cabanas convoca o V Certame de Poesía e Microrrelato, con motivo do Día das Letras Galegas de 2024.

A finalidade do certame de poesía e microrrelato é fomentar o uso e o prestixio da lingua galega, así como a de dinamizar o uso escrito do galego a través da expresión artística e a creatividade.

DOUS

As obras deberán presentarse na modalidade literaria de poesía ou microrrelato e deberán estar escritas de maneira íntegra en lingua galega.

Os poemas ou microrrelatos serán orixinais, inéditos e non premiados noutros certames ou concursos en datas anteriores á resolución das persoas gañadoras neste certame. O tema será libre. Poderán participar no certame todas as persoas que o desexen, de calquera idade e nacionalidade.

TRES

Haberá un premio por categoría, así como un agasallo para todas as persoas participantes.

As categorías serán as seguintes:

1.1. Categoría infantil / xuvenil de poesía (ata os 17 anos)

1.1. Categoría infantil / xuvenil de microrrelato (ata os 17 anos)

2.1. Categoría adulta de poesía (de 18 anos en diante)

2.2. Categoría adulta de microrrelato (de 18 anos en diante)

*Para o cómputo da idade, establécese como data de referencia a data máxima de presentación de orixinais (o 14 de maio de 2024).

Os premios serán cadansúas cestas de produtos de proximidade elaboradas polo Concello de Cabanas e a concellería de Cultura.

CATRO

O prazo de admisión de orixinais empezará a contar desde a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará ás 23:59 horas do martes 14 de maio de 2024.

As obras presentaranse da seguinte maneira:

As poesías e os microrrelatos deberán redactarse en lingua galega e a súa temática será libre, a elección das persoas participantes. Os textos deberán ser presentados mecanografados, a un espazo e medio, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12, e como mínimo, coa extensión seguinte, dependendo da categoría na que se presenten:

Poesía

- Categoría infantil / xuvenil: 10 versos (mínimo) / 20 versos (máximo)
- Categoría adulta: 40 versos / 80 versos (máximo)

Microrrelato

- Categoría infantil / xuvenil: 10 liñas (mínimo) / 20 liñas (máximo)
- Categoría adulta: 15 liñas (mínimo) / 30 liñas (máximo)

As follas deberán estar paxinadas e sen asinar.

Os textos remitiranse ao Departamento de Cultura do Concello de Cabanas, a través do correo electrónico: cultura@cabanass.gal, figurando no asunto o PSEUDÓNIMO da persoa autora. Enviaranse dous arquivos PDF: o primeiro deles coa ficha de inscrición da persoa participante, e o segundo, co traballo que se presente ao concurso e que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

Exemplo: o autor PSEUDÓNIMO enviará dous arquivos pdf ao enderezo de correo electrónico indicado:

PSEUDÓNIMO_FICHA DE INSCRICIÓN.PDF

PSEUDÓNIMO_TÍTULO DA OBRA.PDF

CINCO

O Xurado estará presidido pola concelleira de Cultura do Concello de Cabanas e estará formado por outras dúas persoas máis, cuxa identidade será revelada o día do fallo das persoas gañadoras do certame.

SEIS

A decisión do Xurado farase pública o xoves 16 de maio de 2024 na páxina web do Concello (<https://cabanas.gal/>). O acto de entrega dos premios realizarase o domingo 19 de maio de 2024 como acto de clausura dos eventos organizados esa fin de semana con motivo do Día das Letras Galegas.

SETE

O Xurado e a entidade organizadora están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non reflectido expresamente nas presentes bases.

A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases.

OITO

O Concello de Cabanas publicará as bases deste V Certame de Poesía e Microrrelato tanto no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cabanas, como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cabanas, 25 de abril de 2024
O alcalde,
Fernando Couce Rodríguez